

CRITERIOS DE SELECCIÓN QUE REXERÁN OS CURSOS E DEMAIS ACTIVIDADES QUE CONVOQUE O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DE PONTEVEDRADRA

Primeiro.- Destinatarias/os dos cursos e demais actividades:

Cada curso ou actividade ten unha serie de requisitos dependendo da poboación á que se dirixa; teñen preferencia as persoas empadroadas en Pontevedra.

Segundo.- Criterios xerais:

Os criterios selectivos con carácter xeral son os que se relacionan a continuación, sen prexuízo de que se establezan criterios específicos obxectivos para aqueles cursos que se especifiquen en cada convocatoria.

1º Estar empadroada/o no Concello de Pontevedra e reunir os requisitos esixidos que se sinalen na convocatoria respectiva de cada curso ou actividade.

2º Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis candidatas/os que prazas, terán preferencia as/os aspirantes que non fixeran o mesmo curso en convocatorias anteriores.

3º De continuar existindo máis alumnas/os que prazas, aplicarase un baremo no que se ponderarán as horas de formación en cursos recibidas polo CIM nos dous últimos anos.

4º Nos cursos reservarase unha cota non inferior ao 5% para ser cuberta por mulleres vítimas de violencia de xénero.

5º As/os seleccionadas/os nas accións formativas que non comuniquen a súa non asistencia con antelación ou abandonen a actividade formativa sen xustificación poderán ser excluídas das convocatorias durante un ano a contar dende a celebración do curso. Así mesmo, a ausencia do 15% das horas lectivas en calquera dos cursos ou actividades do CIM, implicará a baixa automática do mesmo.

Terceiro.- Criterios específicos:

1º En función das características da acción formativa, das/dos destinatarias/os, obxectivos, eficacia e do interese do propio CIM, poderanse establecer na convocatoria outros criterios de selección.

2º Igualmente, naqueles supostos en que pola índole do curso sexa preciso posuír uns coñecementos previos para o seu seguimento, poderase establecer na convocatoria a necesidade de acreditarlos documentalmente ou mediante unha proba de coñecemento, de considerarse oportuno.

3º No caso de erros por parte do CIM na selección de participantes, estableceranse mecanismos de compensación para as/os candidatas/os. Para tal fin poderán ser admitidas/os no seguinte curso análogo que se convoque.

Pontevedra, 2 de outubro 2011
A directora do CIM